



## A PRINCESA QUE NON RÍA

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_NoCa\_0039\_006\_id725\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_NoCa\_0039\_006\_id725.mp3  
**TIPO DE DOCUMENTO:** Rexistro directo dun evento. Conto  
**MATERIAL DISPOÑIBLE:** Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)  
 Transcripción do texto  
**DURACIÓN:** 0:10:49

### DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** Febreiro de 1999
- **LOCALIZACIÓN:**
  - Lugar/ aldea/ barrio:
  - Parroquia:
  - Concello: A Lama
  - Provincia: Pontevedra
  - País: Galicia
- **INFORMANTE**
  - Nome: Remedios Rajoy
  - Idade no momento da recollida: 89
- **RECOLLEDOR/ORO:** M<sup>a</sup> Milagros García Rajoy
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
  - Título xenérico: Quedan todos pegados
  - Tipo: Anécdotas e chistes
  - Subtipo: Historias de parvos
  - Referencia: 571 AT

*Audio de procedencia:* MPG\_NoCa\_0039\_006\_id725.mp3



## CONTEXTO

Durante os anos 90 do século XX, a catedrática emérita e profesora de filloxía galega María Camiño Noia Campos dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que participaron nas recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

## BIBLIOGRAFÍA

NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.

NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.

NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

## PALABRAS CHAVE

conto, narración, anécdota, chiste, encantamento, princesa

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias



## TRANSCRICIÓN

Unha vez era un rei e tiña unha filla, e como era ghuapa i era rica, claro, [apositionanselle] moitos, pero un día andando por alí facendo limpeza [...]. No! [Empeza outra vez].

Era un rei e tiña unha filla ghuapa e despois nunca ría, nunca a viran rir, e dixo o rei: “Canto eu daría por unha persoa fíxese rir á miña filla. Pra ela non vale a riqueza nada; non é feliz. Eu que sei”. E vai, e el botou un anuncio: o que lle fíxese rir á filla que lle casaba con ela.

E iban e viñan, e viñan e iban.

E por un camiño iban tres compañeiros (eses iban máis ben así por [xoghada?], pero bueno, e estaba unha mullerciña vella a lidiar cun feixiño que non era capaz de o ergher, e víñalle a chuvia e quería se quentare. E peleaba co feixiño, pero un pouco o feixe dáballo [o capitón] por riba dela, outro pouco...

E dicían os compañeiros (Servirá este? Si?). E dicíanlle os compañeiros:

- Ah! Mirá a pobre vella como baila o tangho co feixe!

E díxolle un deles:

- Pois en vez de nos rir dela, se llo foramos ergher?

- Ah! Que pelee con el; ela que o veu buscar, xa sabrá que ten que o levar

E díxolle el:

- Pois entonces seguides o camiño, que eu voulle levantar o feixe á pobre muller, porque como está ela hoxe estaremos nós mañán.

- Anda ponte co esas hoxe pra mañán! E logho non ves?

- Non.

E como era o máis ghuapo, os outros, dixeron eles: “Millor que quede, porque ó millor como é o máis ghuapo era o que iba lamber.

E vai e marcháronse contentos sen el. E el, como tamén non lle eran humanos como el quería que fosen, non se importou. Chegou onde a velliña e díxolle el:

- Señoriña, cantos anos ten?

- Teño cinco e mais cen – tiña centocinco –

- Xa está ben. E aínda ten que vir á leña?



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

- Meu filliño, se me quero quentar, que o inverno xa non ten bo nome e peor feiticio.
- Bueno, e logho... Non ten máis leña ca esta? E usté onde vive?
- Ah, eu vivo en tal sitio. Alí, na primeira portuña.
- E ten unha cordiña máis ghrande ca esta?
- Ah, a corda hai bastante pero non hai lombo pro feixe.
- E ten un podonciño?
- Ah, o podonciño está alí, corta pouco pero como a leña xa estala de vella; fai coma min!

E el empezou a cortarlle na leña. Dixo el:

- Deme pra ca esa cordiña.

E fixo un feixazo. E dixo ela:

- Ai, meu filliño! Ai, meu filliño! Non me faghas tal avaría, porque eu morro debaixo do feixe, eu xa non miro pra el.

Dixo:

- Non se preocupe, señorriña, non se preocupe.
- Señorriño, por favor, non me fagha esa ofensa! Déixeme o pondonciño que mo acaba de ceghar e xa el é pouco tal... E mire... Despois eso, meu fillo teranno que vir buscar os veciños cun carro e os veciños non están por esas.

Pero el segheu collendo a leña, fixo un bo feixe, un feixazo. E vai, primeiro díxolle el:

- Ande señorriña que llo ergho, que llo poño ó lombo.

Dixo ela:

- Ah non, non, meu amigho, no. Primeiro marchó sin nada, eu inda catro ou cinco chamicións nunha cordiña canto máis...

E dixo el:

- Pois logho érghamo usté a min.

E vai el, deitouse, púxoo ó xeito que a muller...:

- Ai, eu non!

Pero el botou o feixe ó lombo e levantouse e díxolle el:

- Usté vaia de vagharciño, pero vaia diante pra me ensinar onde é o sitio.

-



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

E el co feixe ó lombo e despois, cando chegaron ó sito, díxolle:

- Mire, mire, aí, nese cubertiño, nese cubertiño aí. Póusema alí. Ai, meu fillo! Dios lle bote a bendición. Ai! que Dios lo cubra de bendición (Porque seica non é bo botar bendicións, que as bendicións son malignas eh! Pero...) Entón dixo el –xa deixando-:

- Bueno. Señoriña usté onde a quere meter, que aquí vaille chover nela.  
- Ah, pois mire, eu teño aquí un sitiño dentro, pero dáme verghonza que vexa aquel sitiño porque...

- Eu non collo verghonza de cousa ningunha. Díghame onde a pon. Usté non a pode carrexare e mañán venlle chuvia, se non ven esta noite xa. E que lle quede enxoiña.

- Ai, Dios lle bote a bendición!

E el púxolle a leña dentro e doulle o podón. e díxolle:

- Bueno, tome señoriña que o que usté é hoxe podó ser eu mañán.

E díxolle ela:

- Ai, Dios llo paghe na salú, na paz e na suerte! Pois xa que me fixo tanto beneficio, teño aquí un ramiño que me deixaron meus pais, e este voulo regalar. E usté onde pete con este ramiño, todo se lle ha volver favorable, a ghracia que lle pida a este ramiño...

- E que ramiño é ese, señora?

- Ai, eu non sei. O ramiño tenlle moita bendición. Usté onde pete con este ramiño, hánselle abrir tódalas portas e todo lle ha de sonreír.

- Boh, eu xa non espero tanto, pero bah.

- E vai facer logho un viaxiño?

- Vou.

- Pois o ángel da guardia o acompañe.

- Bueno, Dios llo paghe, meu amante; Usté non sabe o que é un dio-lo paghe?

- Boh, calculo.

- O dio - lo paghe elle unha cousa moi ghrande porque se pomos a dios por paghador, anque non paghemos nós, esa deuda non queda perdida.

- Bueno, bueno, señoriña, bueno. A ver se paso alghún día por aquí e aínda lle podó coller outro feixiño.

- Ojalá que nunca pases, que tanta sea a felicidade que nunca teñas necesidá de pasar por onde os vellos.



Marchou; inda lle dou a manciña á vella, e ela quedou rezando por el. El marchou.

Dixo ela:

- Usté cando precise unha cousa dille a este ramiño: “En nome de Dios que se me abra tal porta”, e a porta ábrese; “En nome de Dios...” – vexo aquela moza que me ghusta, i ela se me pon no camiño -.

E dixo el:

- Ca! Eu non espero tanto pero bueno! Bah, vamos andando señora, o ramiño pesa pouco.

Pero cheghou alá e encontrou os compañeiros – cando viñan pra acá de volta xa levaran o sablazo, e el inda iba... (Non sei se me perdería algo). E cando iba andando –xa os outros dispuxeran – encontrou un rapaciño e díxolle el:

– E ti que fas aquí, rapaciño?

Dixo el:

–Poise, viñen buscar a leña que miña nai queimou aier - claro, estaba onda un veciño e despois iba...-

–E canto che dá túa nai?

–Dame un pesiño.

–Pois eu douche dous e vente comigho.

E marchou o rapaciño co-el.

E o rapaciño iba contando contos polo camiño, e cando chegharon alá... No, el o que iba encontrando polo camiño, co aquel ramiño atraía todo. Primeiro encontrou un arrieiro, e petoulle a unha besta e díxolle el: “Non perdas paso”. A besta encamiñounas a todas e foi de ghiratoria no camiño que lle el marcará.

Alí topou un parvo que andaba atrás dunhas mozas que as quería pasar o ghuante, e petoulle co ramiño e quedou preso ás bestas, á última besta. Neste medio tempo, el quería as mozas por diante, e as mozas iban desnudas, que lle escapaban ó home que viñan de se bañare e petou co ramiño, e unha petoulle á ioutra e quedaron as tres peghadas unhas tras doutra; e a el petoulle co ramiño ó cu do parvo e quedaron alí todas peghadas no cu do parvo.

Despois encontraron un burro, e o burro quería vida, e como vía ás mozas ghuapas, alegrábaselle de corazón, e solta a barandilla e, vai el e pétalle ó burro, e díxolle:



“Pon alí unha mao - ó home que iba co burro -; o home puxo unha man e marcha o home tirando polo burro, o parvo turrado polas tres mozas. Aquelo fíxose un encadeamento...

E el marchou e o rapaciño iba aló (...). Ah! Este non é o do rapaz; o do rapaz é outro.

Foi con aquela recúa toda e primeiro presentouse el, e a moza mirou todo aquilo.. Pero ó que mirou! A recúa das bestas, as mozas peghadas unhas coa man no cú das outras, desnudas, o parvo tras delas, o burro coa barandilla atrás deles... e ve aquela andrómína, e peghou de rir, de rir, que logho desfais!

El cheghou alí e non lle puído [atracarlle] á moza, pero anduvo po alí paseando e ela andaba “hi hi” pra aquí, “hi hi” pra alí que nunca a viron ríre. E vai el, e ela acostumbaba a andar pra un lado e pro outro da barandilla, e puña as mans, e el, onde el vía que iba pór as mans, petou co ramo, e “hi hi hi”, e ríron pais e todo o que había dentro; aquilo fixo rir a todo cristo humano.

E baixa e díxolle ela ó que puxo as mans alí. Díxolle ela:

- *Mi padre, vinieron aquí muchos de altas categorías.*
- *Si, ¿y que?*
- *Y que ninguno me gustó! El que quiero es este, y lo quiero y me voy a casar con el.*

E aquel foi o que ghanou á muller que non quería ríre; fíxoa rir e ghanou. (Non sei se valerá...).